

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 24 DE FEBREIRO DE 2023

ASISTENTES

Presidente

Prada Rodríguez, Julio.

Vicedecano e Coordinador de calidade

Presedo Garazo, Antonio.

Vicedecana e Representante da Administradora

Arribas Álvarez, Carmen.

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

PDI

Comendador Rey, Beatriz

Yolanda Barriocanal López

Representante estudiantado

Lucía Domínguez Carrera

DESCULPAN AUSENCIA

Colaboradora de Igualdade

María López Díaz

Enlace de igualdade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (delega en decano)

Susana Reboreda Morillo

PDI

Campos Álvarez, Xosé Ramón

A comisión realízase de xeito presencial na sala de Profesores e, á vez, de xeito telemático a través do Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o luns 24 de febreiro de 2023, ás 10.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinarias do 21 de novembro de 2022 e do 19 de decembro de 2022.
2. Informe do presidente.
3. Validación, se procede, dos seguintes rexistros asociados aos correspondentes procedementos:
 - a. R1 PE01 P1. Identificación das necesidades de PAS do centro
 - b. R2 PE01 P1. Identificación das necesidades de formación do PAS do centro
 - c. R3 PE02 P1. Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas do PDI
4. Validación, se procede, do informe para a revisión interna de seguimento de centros e de titulacións oficiais de grao e mestrado (102 R3-D0102 P1). Convocatoria 2022-2023 (curso avaliado 2021-2022).
5. Asuntos de urxencia.
6. Rolda de intervencións.

O presidente e decano, Julio Prada Rodríguez, dá lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que asisten e dos que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinarias do 21 de novembro de 2022 e do 19 de decembro de 2022.

As Actas son aprobadas por asentimento.

2. Informe do presidente.

Comenta o presidente o proceso de acreditación do Campus da Auga, e sinala que despois da visita dos avaliadores o día 7 de febreiro, se atopa pendente de resolución. Na súa primeira visita os avaliadores non entendían por que Historia e Dereito debían formar parte do Campus da Auga. Traballouse nunha serie de axustes, primeiro co director do Campus da Auga e despois cos grupos de investigación. Finalmente, e despois dunha serie de cambios, a Facultade de Historia estará presente no campus da Auga a través do GEAT, o único grupo da Facultade que vai quedar adscrito ao Campus da Auga. Destaca o decano a defensa feita pola profesora Elena de Uña da presenza do GEAT.

En segundo lugar, o presidente comenta, en relación coa problemática de captación de alumnado, que se confirma o cambio dos planos de estudos de na Facultade de Historia de Santiago para darlle un sentido máis xeneralista e parecido ao noso título e coa a petición do incremento dun 10% no número de prazas. Indica que xa se transmitiu a preocupación da Facultade á Vicerreitora de Relacións Internacionais, Susana Reboreda, para que a fixera chegar ao Reitorado e este se implicase nunha defensa dunha visión conxunta do SUGA, especialmente no relativo ao número de prazas.

En relación coas actividades de captación de alumnado, indica o presidente que continúan, dende inicio de curso, os talleres a cargo de Xeitura; tamén se celebrou, o pasado 13 de febreiro, unha xornada para 3º, nas materias Mundo Actual e Historia Contemporánea de España, baixo o título “Coñece as tuas institucións”, coa visita de tres ex-parlamentarios de Galicia, plantexada tamén coa idea da difusión do grao. Cóntase con estar presentes o vindeiro 10 de marzo na xornada organizada polo vicerreitorado de captación en Vigo e o 22 de marzo nunha actividade que se organiza conxuntamente polas distintas titulacións do Campus de Ourense, na feira de emprego que se realizará que se está coordinando dende Vigo pero que tamén dende o Vicerreitorado de Ourense. Está prevista, para o 20 de abril, unha visita do alumnado do Instituto Blanco Amor para coñecer as titulacións do ámbito xurídico social e humanístico. Así mesmo está prevista, en principio para o 13 de abril, dunha visita de distintos institutos da provincia ao

Campus, organizada por estes centros e o Vicerreitorado do Campus. E hoxe mesmo, celébrase unha Xornada no Instituto das Lagoas, a instancia da APA para a presentación da nosa titulación.

Para rematar, informa o presidente que se segue a traballar no tema da convalidación do sistema de garantía interna, non hai outra comunicación dende a xa comentada na reunión da comisión no mes de novembro no senso de que esta visita está prevista para o mes de abril; aínda están pendentes de elaborar unha serie rexistros de informes. Estase comezando a traballar no Informe de Revisión pola Dirección para este curso. E, mais importante, a elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade, para o período 2022-2026, do que se elaborará un borrador marco que se enviará aos membros da Comisión para que fagan aportacións previas a súa aprobación.

A profesora Beatriz Comendador pregunta se en Santiago están remodelando o grao porque inicialmente falarase de facer un itinerario.

Responde o presidente que, como no deseño non poderán ter itinerarios, na práctica o que darán será una amplitude de elección de optativas para o alumnado, de modo que podan construír o seu itinerario xeneralista. Isto é un problema para a nosa facultade, entre outras cousas porque un terzo do noso alumnado cursa o grao como segunda opción, porque non entra en outra titulación de historia (o 40% no caso de calquera outra titulación), e outro porcentaxe importante sinala que o colle porque é xeneralista.

Pregunta a profesora Beatriz Comendador se a Universidade de Santiago aproba esta proposta. Responde o presidente que pensa que a Universidade aprobará o que propoña a Facultade, aínda que na cuestión do número de prazas viña sendo reacia, xa que pode sentar un precedente.

3. Validación, se procede, dos seguintes rexistros asociados aos correspondentes procedementos:

- a. R1 PE01 P1. Identificación das necesidades de PAS do centro.
- b. R2 PE01 P1. Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.
- c. R3 PE02 P1. Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas do PDI.

O prof. Antonio Presedo indica que se trata de dous rexistros que teñen que ver co profesorado e co PAS, feitos dende hai algún tempo e pendentes de validar na Comisión.

Valídanse por asentimento.

4. Validación, se procede, do informe para a revisión interna de seguimento de centros e de titulacións oficiais de grao e mestrado (102 R3-D0102 P1). Convocatoria 2022-2023 (curso avaliado 2021-2022).

O prof. Antonio Presedo indica que se trata dun informe opcional que a Universidade de Vigo propón para que todas as facultades que o desexen o leven a cabo. Sempre se fixo na nosa facultade, porque é útil para o Informe de Revisión pola Dirección e para outros procedementos. Unha avaliación complementaria sempre é benvida. Os resultados da revisión foron cualificados de maneira moi positiva, aínda que se sinala algún problema puntual en relación cos enlaces na web relacionados cos mestrados que xa foron solucionados.

Valídase o informe por asentimento.

5. Asuntos de urxencia.

Non constan.

6. Rolda de intervencións.

Non hai intervencións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10.30 horas do día 24 de febreiro de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro